

A TORRE DO VELLO CONVENTO. O ESTADAL DA VILA DE MELIDE.

(Un relato baseado nas fontes documentais e na tradición oral da vila de Melide).

Xurxo Broz Rodríguez



Vista da Torre do Convento. Foto de comezos do século XX

-...¿Así que andades aí?, xa vos estou vendo aínda a pesares de estar agochados ,coma se vos estiverades a gardar da invernía, ou coma se vos estiveran a poñer couto...

Pois...ben, vou aproveitar ,agora que vos estou vendo con aceno aburrido e deixándovos levar por unha apatía que todo o consume, e nos fai estar “enmouchados”, para contarvos algúns episodios da miña longa vida na procura de levantarvos o ánimo, ou para que cando vos deixe de quentar a cabeza coas miñas lérias de vella polo menos fiquedes , en fin, aliviados.

De min seguro que algo teredes escoitado, aínda que fora de xeito ocasional e puntual, xa que sobre min bastante se leva escrito e contado; contado de boca a boca, e de boca a orella, por parte dos meus veciños que tanta vida levan feito a carón de min, unhas veces atinadamente e outras revirando un pouco a realidade, posto que como é sabido o falar non ten cancelas, e sempre houbo “falabaratos” abondo. Como xa dixen de min abondo se leva escrito e estudado por xente moi sabida, lembrándome do doutor e historiador Don Eduardo Álvarez Carballido, quen tanto che receitaba un xarope, ou che prescribía a lectura dun caderno da Revista da Real Academia Galega.

Despois viñeron os “fervellos” e inquedos investigadores do Seminario de Estudos Galegos, capitaneados polo crego e arqueólogo don Xesús Carro e empuxados, ou mellor dito “encirrados”, polo farmacéutico Don Antonio Taboada Roca, quen sempre andaba metido no medio de papeis vellos, na procura dun documento inédito que para el sempre era o mellor dos tesouros, e...Tamén eles deron en reparar en min.

E agora xa nos tempos presentes, que se remontan a corenta anos atrás, que para min son coma un suspiro, andan a “rondarme” os do Museo desta Terra de Melide, para procurar deixarme en evidencia, tentando sacar á luz as miñas máis recatadas e agochadas intimidades, sen ter en conta que todos temos bastante onde rañar, e que pecadiños cometémolos todos.

A todos eles lles ofrezco o meu respecto, xa que sei que son xentes sabidas que o que procuran é remexer nas fontes, para satisfacer unha arela de coñecemento que a todos nos ha vir ben. Pero con todo, aínda sendo xentes “estudiadas” e cuns principios éticos ben afortalados, nunca deben arredarse do “saber do pobo” que sempre soubo gardar na hucha, a xeito de herdanza prezada, o coñecemento que nos determina coma pobo cunha cultura e saber de seu.

Eu hoxe, e por respecto á tradición, vouvos narrar as miñas vivencias en primeira persoa e utilizando a fala e os ditos da nosa zona, que sempre nos caracterizaron ós melidaos, precisamente por iso, polas verbas “de aquí”, polas expresións e polo xeito de falar da rúa.

Durante o meu relato hei ir mentando a algunhas das persoas que me teñen acompañado no meu devagar, que como veredes son nomes propios e reais, que agora aquí lles quero facer xustiza e render homenaxe sentida, sen procurar outra cousa que incorporalos ó meu propio álbum familiar.

Xa me decatei, ou mellor dito dinme conta, de que xa me fun polas corredoiras, pero espero me desculpedes, xa que ben deberiades saber como son as lérias dos máis “veteranos”, pero que con tanta reviravolta aínda non me identifiquei. ¡E xa vai sendo horiña!, ¿non vos parece?.

Pois, quen está dándovos este sermón?, pois...Eu, a Torre do vello Convento de Sancti Spíritus da Vila de Melide, que aínda que son abondo destacada e “fachendosa”, nunca tiveron a ben poñerme un nome propio, ou polo menos, un alcume (que aquí máis ben lle dicimos “mote”). Dese xeito hai quen me chama “a torre”, outros... “o campanario”, e en ambos casos podéndose nomear así, “en solitario”, ou apelidándome “do Convento”, “do Convento vello”, “da Igrexa”, ou “da Parroquial”. ¡Xa vedes que por variantes non é...!. Pero..., teño que dicir que me incomoda moito non ter sido “bautizada” ou recoñecida cun nome particular e propio, xa que outras parentes miñas teñen nomes que lles teñen aportado moita sona. Por poñer un exemplo, ¿podedes crer que de cinco torres que ten a Catedral de Santiago de Compostela, desas cinco todas teñen un nome propio?, que si a “das Campás”, que si a “da Carraca”, que si

unha “da Vela”, outra “do Tesouro” e, xa para colmo de males, hai unha que ten dous a falta dun, xa que dan en chamarlle “do Reloxo” ou “da Berenguela”. ¡Xa vedes canto de inxusta é a vida!.

Pero..., o conto non queda aí, xa que se cruzas a Raia e chegas á beira do Douro, atoparaste cunha fachendosa “Torre dos Clérigos”, se che da por ir ata o sur poderás topar cunha andaluza lozana “Giralda”, se viras cara ó levante e te vas achegando ata Valencia, xa dende lonxe che indicará o camiño un “Miguelete”. Pero é que ata ós mudéxares turolenses aínda lles quedou tempo para bautizar ás torres feitas con ladrillo macizo, ¡supoño que deberían andar algo escasos de pedra!, con nomes propios do Santoral, así deulles por chamarlles de “San Martín”, “do Salvador”, ou de “San Pedro” mais, con tanto alarde de soberbia e complexo de superioridade, foilles castigado o pecado de soberbia, cunha chamada de atención posto que debido á desmesura de proporcións e a “perrallenta” calidade do material empregado, moitas delas atopáronse ó borde do colapso estrutural. Así a torre inclinada de “San Pedro dos Francos” de Calatayud perdeu por derrube as súas plantas máis outas, e tamén me lembro da espectacular e ¡por certo ben xeitosiña! “Torre Nueva” de Zaragoza, que tanto deu en irse deitando, que se optou por botala abaixo para coidarse de males.

Xa sei que me estou deixando levar polo pecado, tamén capital, e igualmente reprobable da envexa, polo que lle prego ó Espírito Santo” en cuxo nome foi consagrada a igrexa conventual, á que lle brindo os meus servizos, que me garde deses males e que me ampare de tan desgraciado desenlace, e non só a min, senón a tantas outras compañeiras que tan bo servizo prestan ás necesidades de culto, liturxia e tamén en diversos eidos sociais.

Pero, debo confesar que algún celos ou ciumes me provocan esas colegas tan renomeadas, e tamén aquelas que son identificadas pola singularidade dalgunha das súas campás, que sen ter que ir ata o Notre Dame parisino, mesmo aquí temos o exemplo que xa apuntamos, a “da Berengela” compostelá, ou tamén “a Paula” da Sede catedralicia Mindoniense, sobre a que teñen reparado algúns literatos afamados desa cidade, coma Lence-Santar, ou mesmamente o actual Cronista Oficial da cidade episcopal, un reputado escritor e investigador do folclore do país e da tradición oral popular, que non precisa de máis presentacións, pero de todo o recoñecemento habido e por haber.

Pois, en base ó explicado, ¿como é posible que a ninguén lle dera por poñerme un nome ou alcume?. Eu penso que hai varios que virían ben axeitados e acaídos: “a Espiritual”, “a do Sanctispiritus”, “a Conventual”, “A Terceira”, “Tercerona” ou “Terciaria”, a do Pentecostés”, “a das Campás”, “a do Reloxo” ou ...coma mote “a Torta”, aínda que eu preferiría algo así como “a Esbelta”. Pero aínda que así me alcumaran, sempre ía haber quen me superase porque, agora véñeseme á cabeza a catedral de Alcalá de Henares, á que todo esa cidade cervantina lle di “La

Magistral”, e nas visitas turísticas que inclúen a subida á súa estilizada e maxestuosa torre dise “subida a la Magistral”. E teño que dicir que ese apelativo faille ben xustiza, xa que non só foi capaz esa torre de resistir os bombardeos durante a Guerra Civil, que desfixeron toda a bóveda da nave, caéndolle enriba ó malpoucado, á par de pretencioso, cenotafio do Cardenal Cisneros, e causando case a destrución total da capela maior, capelas laterais e o soberbio claustro herreriano. Mais a gallarda torre aguantou con dignidade os bombardeos, e tamén contribuíu á resistencia da cidade, ¡madia leva chamarlle a Torre da Magistral!. Aínda que eu tamén fixen canto puiden cando os franceses, naquel fatídico ano de 1809, se lles deu por querer tomar a vila. Si amigos, lémbrome coma se fora hoxe como apresuradamente subían polas miñas escaleiras os líderes da resistencia, capitaneados por Antonio Ponce, tenente coronel do “Batallón de Monforte”, o seu principal asistente Pedro Boado, o franciscano frei Cristoval Conde, destacado combatente ¡por certo!, xunto ós cabecillas da “Alarma de Melide” ós que ¡Deus teña na Gloria!..., co fin de asexar ás “tropas do demo”, capitaneadas polo adusto do Xeneral Marconet. Si, o meu corpo de campás trocouse en garita e, se mal non me acordo, tamén en batería de tiro.

Mais adiante hei volver referirme, e a presumir, de que as miñas troneiras acollen a catro soberbias campás feitas no século XIX polos mestres campaneiros da familia Liste (de Orazo-A Estrada), pero penso que a cousa houbera sido mellor se lles desen por poñerlles un nome característico, e non “campana mayor”, “campana mediana”, “campana nueva”, ou “campana del reloj”. Como ben podedes ver, o certo é que moito non se mataron.

A min case sempre se teñen referido con piropos, así me teñen chamado “lanzal”, “esbelta”, “estilizada”, “largacía”, “alta”, ...e, certamente bastante estiradiña ou “estarricada” vos vou sendo, para que vos fagades unha idea do meu porte, sobrepaso os 40 metros de altura, máis ou menos chego ós 42 ou 43 metros coa cruz que me coroa, iso equivale a unha edificación de pisos dunhas doce/catorce plantas. Agora me ven á cabeza ós mestres da vella EGB, que sempre faroleaban que se podía calcular a miña altura exacta, mediante precisos cálculos trigonométricos. O conto é que eses falares remóntanse ós anos 80 do pasado século, e ditos cálculos matemáticos exactos, aínda estamos agardando por eles, ¡Que país!.



Pero..., agora dame certos reparos, e non pouca vergoña, dicir que teño unha certa “tara”, que me xera rubor, por non dicir pudor confesar, e é que estou bastante inclinada ou torta cara ó Noroeste, feito que doadamente se pode comprobar se miras pra min dende Sabián, Camiño das Cabadas, ou dende a Praza do Instituto. As causas que se levan barallado foron varias, pero “vaiche boa-vilaboa”, quen acorda tal cousa.



Vista da inclinación da torre cara ó noroeste

Unha das hipóteses que se leva manexado é que a miña inclinación bastante acusada sexa debido a un tremor sísmico, e mesmo se lle ten atribuído ó Terremoto de Lisboa, acontecido no ano 1755. O certo é que foi un sismo moi virulento, que mesmo chegou a afectar gravemente á estrutura da Catedral Lucense. Pero posiblemente este fenómeno natural ¡tan besta!, non puidera terme producido dano algún e, ¿porqué?, pois por que probablemente naquel ano aínda non estaba ergueita, pero probablemente si o estaba outra que houbo antes ca min, do século XV, e coa que non tiveron a fortuna de ter coincidido.

Cal puido ser a causa, pois?, ¿un sismo máis tardeiro?, pois posiblemente tampouco. O máis probable é que ese declinar meu teña que ver coas circunstancias do abandono do meu “conventiño” derivado da Desamortización de Mendizábal, no ano 1835. Pois ben, daquela permitiuse o desmantelamento do Convento, enteiramente, para servir como “canteira” de aprovisionamento de pedra, con destino a edificacións civís, na propia vila de Melide. Sete anos despois deciden aproveitar a vella igrexa conventual, coma novo templo parroquial, que xa estaba ben estragadiña, debido a espolios e subtraccións (non hai máis que fixarse nos danos que presenta a bóveda de canón da igrexa). Por necesidade imperiosa de lograr a estabilidade estrutural dos alzados da igrexa, e da torre, o que fixeron foi erguer uns contrafortes ó meu carón, co fin de contrarrestar os empuxes derivados das cargas da bóveda e da tensión dos lenzos laterais e,...así se fixo. Mais, ¡a alegría na casa do probe pouco dura!, porque no solar que ocupaba o vello convento decidiron edificar a nova casa reitoral, e a algún “animaliño vestido de roupa” se lle deu por retirar os contrafortes de apoio. Esa “maxistral idea” case produce o colapso da edificación (nave, e probablemente a torre), que grazas a entrega e apoio económico do crego Don Joaquín Prado Segade, e do tamén presbítero e arcipreste de Melide, don Ricardo Sánchez Varela (don Ricardo da Fábrica), conseguiron artellar e levar a cabo unha solución ó efecto: a instalación de tres series dun dobre atirantado (tensores de atado), situados baixo a bóveda de canón da nave, e amarrados nos ocos ou vans coincidentes coas xanelas do alzado superior dos lenzos laterais.

Pero xa retomando o asunto das miñas virtudes, e deixando aprazado o asunto das miñas eivas, compre matizar que a miña eminente presenza, e “distinguido porte” levou a que os meus veciños me consideren o símbolo ou icona que singulariza á vila pero, aí xa nos topamos de cheo cun cruce de intereses, posto que aí tamén entramos “en conflito” coa maxestuosidade e dignidade do Cruceiro de Melide, singular peza escultórica iconográfica, datada no século XIV, é dicir nos tempos da arte gótica, aínda que este bo cruceiro mantén pautas convencionais da figuración do Románico, de aí que Castelao o considerase o máis antigo de Galicia.

Entón, ¿que é mellor “embaixador” de Melide?, ¿eu?, ¿o Cruceiro?. Mellor será deixar a cousa así, “en tablas”, posto que eu non son amiga de preitos, e de “rifirrafes” por asuntos dos

marcos. Polo que se o Cruceiro se pon dacordo comigo, podemos chegar a artellar unha corresponsabilidade compartida. ¡A ver en que queda o tema!

Como supoño que vos deste conta, eu non son moi refinada na miña expresión e linguaxe, ¡xa vedes que meto bastante a zoca!, e iso non ten perdón de Dios, e que ¡Dios me perdoe polo atrevemento e tamén por mentalo en van!. Pero é que eu parezo da escola de ferrado, a pesares de que á miña sombra (á física me refiro) estaban a funcionar con notables resultados e enorme reputación dúas escolas, con Cátedras de Arte e Gramática na Obra Pía de San Antonio, a maiores doutra de Filosofía neste mesmo convento. Pero ¡que lle imos facer!. Eu sempre tiven tendencia a dispersarme bastante e a andar polas nubes, ¡supoño será por causa da miña altura!.

Antes de volver a asuntos da miña arquitectura e ó meu “mobiliario”, vou cambiar algo de tema e de época, e xa volverei máis adiante a falar do meu “nacemento” e da miña “dote”. Pois ben, ¿non vos lembrades dun espectáculo que tivo lugar a comezos dos anos 80 do pasado século?, ¿non sabedes do que estou falando?. ¿Non lembrades á Familia Bordini?. Lembro que eran uns irmáns italianos especializados en atraccións de funambulismo. -¿Que non vos acordades deles e do que fixeron botando man de min?. ¡Estoume dando conta de que non son a única á que a memoria non lle rexe de todo ben!,...¡Do camal!.

Pois si, homiños si!...Os Bordini, e aínda me acordo que había un tal Renato, Renato Bordini e, si, ¡éranche funambulistas deses!. ¡Cantísima xentiña veu a ver o seu espectáculo, e non me estraña nada!. Alí había novos, vellos e tamén nenos, moitos deles ben rillotes e “atufados”. Eu cando miraba dende aquí arriba, e parecían formiguiñas do pequenos que se vían todos, mesmo parecían “pericos”. ¿Que non sabedes o que é iso de pericos?. ¡Ui, que carafio, todo volo teño que explicar!. Aquí en Melide dicímoslle pericos ó que noutros lugares lles chaman guisantes ou chícharos. Pois, ben, vou ó que ía. Naquelas dúas xornadas os Bordini tensoron un cable, moi tensado, dende a varanda do corpo das miñas campás, ata “o Cruceiro”, no cruce coa carretera de Toques, a escasa altura sobre a calzada, todo ó longo da rúa que daquela lle chamaban de Calvo Sotelo, e que hoxe é de Don Mateo Segade Bugueiro.

Pois, ...ben, os atrevidos dos Bordini foron subindo polo cable de diferentes xeitos, cunha pértiga e pisando sobre ese aramio de ferro, cunha bicicleta, sen a cuberta da llanta; e tamén nunha moto. Si, escoitastes ben, ¡nunha moto!, e tamén sen pneumáticos. E no chasis da moto acoplaron unha maneira de arco, sobre o que ía sentada unha muller do grupo de italianos. Pero, ¿sabedes o que máis me impresionou, ¿non?, pois foi mirar como dous homiños deses trapecistas atrevidos, agatuñaban polo arco da cornixa que bordea a esfera do “reló”, que mira cara o norte. Nesa cornixa estreita estaban agardando pola chegada daqueles “tolitates”, para poder axudarlles a meterse dentro da miña estancia de campás, campás que por certo tamén

lles chamamos “sinos” por esta zona. Xa vedes, ¡Ata me tocou facer de circo!. A verdade é que na miña “vidiña” case levo feito de todo, xa vos contarei máis adiante.

Agora, cambiando de tema, vouvos falar das miñas orixes, ¡Tempo ha, xa che fai ben anións!. Creo que xa vos dixen que antes de min houbo outra, e se non volo dixen xa, agora me poño con elo. Esa torre vella, coa que non cheguei a cadrar, seica era coma a dun castelo, diso falan os papeis vellos, e seica tíñache dous escudos dos Ulloa e un dos Mendoza, ¡iso polo menos!. Pero, ¿sabedes que?. Tíñavos unha cousa aínda máis curiosa, e era que en vez de estar cuberta por unha cúpula coma min, estaba coroada por unhas almeas defensivas, con merlóns rematados en pico. Vese que daquelas éranche ben guerreantes, porque pensaban que había que defenderse ben. O mesmo deberon cavilar os que fixeron a Catedral de Tui, e tamén os “sanjuanistas” que fixeron a igrexa de San Xoán de Portomarín.



Tambor e cúpula ochavados de remate da torre, cunha cegoña pousada nela.

Como vos recordei, eu non acordei aquela torre vella, posto que tiven que substituíla, cando ós bos dos frades se lles deu por ampliar a nave, ¡vese que cartiños tíñanche dabondo!. O conto, e non me lembro ben de todo, esa ampliación debeuse facer entre 1760 e 1770, cuarta arriba, cuarta abaixo, e que tiveron que desfacer a obra que deseñaron os mestres de obra franciscanos Juan de Llano e Juan Casal. O arquitecto que recibiu a encarga, do que non me acordo do nome, nin eu nin ninguén, ¡seica din que foi un que lle chamaban Simón Rodríguez!, que seica traballaba en Santiago, e que se lle daba non sei por que “trapallada” dunha moda nova que lle dicían “barroco de placas”. Pois ..., cunha placa había que darlle a el na testa, por non ocorréselle facerme unha compañeira, cousa que non tivo reparos en facer, cando deseñou a fachada da igrexa do Convento de San Francisco de Santiago e, ¡así me quedei ben soliña!.

Debeu ser porque non quixo escatimar esforzos na “capital”. Pero, e que ¡Dios me perdoe!, xa me volve a perder a lingua, pero debe ser, como xa vos dixen, que sempre me deixo levar polos ciumes e pola envexa, cousa que non dou entendido moi ben porqué.




Foto 5. Parroquial. Debuxo do Colexio de Arquitectos.
Decoración de placas na fachada da Igrexa do Convento. Debuxo do Colexio de Arquitectos de Galicia.

A diferenza da vella torre, a min coroáronme cunha cúpula ochavada asentada sobre un tambor, a cúpula non vos ten duda ningunha!, certo é, pero ó mellor tampouco me terían vido mal unhas almeas como a outra, porque o arquitecto debeu cavilar que non volvería haber contendas, e...¿Vaia se as houbo!. Ata aquí chegaron os exércitos franceses no ano 1809, capitaneados polo xeneral Marconet, ¡nada menos que 3500 soldados!, e canutas as pasamos para poder botalos fora, pero conseguímolos gracias a, entre outros, ó liderazgo de Pedro Boado.

Anos máis tarde, no ano 1835, cando aínda non estabamos recuperados do susto dos “gabachos”, chegou á vila un novo exército, de “estirados” liberais, que puxeron en fuxida a un frade do Convento, un tal Frei Saturnino Enríquez, que andaba en comandita co capitán Antonio López, líder dos carlistas desta zona “da montaña”, e coordinador das partidas que por aquí operaban. O certo é que Frei Saturnino andivo operando pola zona de Présaras e Vilasantar, e que moi suaviño non debía ser, xa que lle dicían “o sanguinario”. Pero o conto ben non acabou, xa que a Antonio López tendéronlle os liberais unha emboscada en Cardeiro, no termo de Boimorto e, despois de ser axustizado, desmembraron o seu corpo, levando a súa cabeza ata a Praza do Obradoiro, onde a cravaron nunha pica. E mesmo aquí nesta vila amarraron un dos seus brazos a unha picota de xustiza situada na Praza das Coles, e as súas pernas leváronas xa medio apodrecidas ata Sobrado. Xa vedes que a cousa non puido resultar peor, posto que dende aquí asistín ó fusilamento de dous mozos carlistas ó carón da vella Capela do Campo de San

Roque, advocada a ese mesmo santiño. E trala marcha de Frei Saturnino, os outros 32 frades deste convento, tiveron que fuxir cara o Convento de Santa Catalina de Montefaro, en terras de Ares, pretiño de Ferrol, xa que lles chegou a orde de exclaustración. E, así me quedei soíña e abandonada!, sen os meus fradiños, coas xentes espoliando os bens da comunidade e derrubando o convento para aproveitar as súas boas pedras, ben labradiñas, e jalá foron!, o convento o claustro cos seus fermosos capiteis historiados, a biblioteca perdida, o Nabal invadido e despois vendido a cachiños, o Hospital de peregrinos tamén chamado de “Sancti Spíritus” convertido nun acuartelamento de liberais e ...Toda a nosa vida truncada e botada abaixo.

A verdade é que os meus conveciños os frades da Orde Terceira do Santo Francisco, éranche moi proclives ó pensamento carlista e ás súas ideas, como tamén o eran os monxes contemplativos de Sobrado, da Orde do Císter. Eu, pola contra nunca me cautivou demasiado a política, e non chego a entender porqué a xentiña chega a lear por adoutramentos que outros lle marcan, e mesmo chega a “comulgar con rodas de muiño”. Eu son da idea de que se estamos no mundo, e somos tantos, o máis acaído e sensato é non andar a poñernos marcos, posto que se con alguén te tes que entender, e levar o mellor posible, é precisamente co veciño, xa que nunca se sabe cando podes precisar botar man del.

E así quedei soíña, volvo a dicir. Nunca tiven unha compañeira que me acompañara nos desacougos, e os frades, os malpoucados, tiveron que deixarme e fuxir co posto, ¡Que o Espírito Santo e o santo de Asís os teñan na gloria!. ... Non vou seguir, posto que se me enchen as fornelas de bágoas pola tristura e a nostalgia...¡Menos mal que as pombas sempre estiveron comigo!. Iso me leva a pensar que o Sancti Spíritus nunca me abandonou e me quixo deixar unha mostra viva da súa caridade. Para min esa foi , dende aqueles fatídicos anos, unha lección de vida, polo que quero compartir con vós unha ensinanza, que non é outra, de que non hai nada máis absurdo que perder enerxías en litixios, leas e inimizadas.


Non desexo entristecervos, e contaxiarvos desacougos, polo que vos vou falar un pouquiño das miñas orixes, xa fai unha manchea de aniños. Sobre a miña edificación tense dito de todo, xa entenderedes como son os “dimes e diretes”, ou como tamén dicimos por aquí os “leva e trae”. O conto é que quedou prendida a idea de que para ir subindo as pedras para irme dando altura foron facendo unha xigantesca rampla de terra, que chegaba ata a praza do Cruceiro, ou máis lonxe aínda, ata a Vista Alegre. A verdade é que me parece un relato fantasioso, e eu non me lembro de tal cousa, ¿do que?, pois que se lles dera por facer unha rampla tan faraónica para erguer as pedras, e demais materiais precisos para a miña edificación.

Poderedes pensar que como xa vos vou velliña, xa me pode fallar a cabeciña, ¡éche o que ten a idade!, pero eu creo que ese lapsus na memoria podería deberse máis a que polo xeral

todos temos esvaecidos os recordos dos nosos primeiros anos de existencia, ¿acaso recordades o que ocorría ó voso redor cando só tiñades dous , ou tres aniños de vida?. ¿A que non?, pois...iso, a min tamén me pasa o mesmo. Pero...o que si se me ven á cabeza, esta que teño en forma de campá, ou case máis de bombona, é verme arrodeada de estadas e andamios de madeira, formando un complexo entramado ou armadura, e tamén dun complexo sistema de roldanas, roldanas compostas a xeito de polipastos e tamén desas grandes rodas de torno, que se empregan para subir grandes pesos, e da que se darán conta aqueles que teñen ou tiveron hámster na casa, xa que son igualiñas pero ó grande. Si, ese “corsé” de madeira xa me soa máis, porque parece que aínda manteño a sensación de sufocación, que parece non me deixa respirar ben...Penso que me debeu crear un trauma e ¡madia leva!

¿Sabedes unha cousa?, teño a sensación que as miñas xentiñas pensan de min que vos son doutros tempos, algo así coma algo do pasado ou “de modé”, agora seica se di “vintage”...¡Ou muchá!, ¿pensades que non estou nas ondas?, pois estades ben trabucados, posto que dende aquí enriba óese de todo, e escoitase toda clase de marmullo. ¡Sonche coma unha antena, ¡debe ser que sintonizo co pararraios que remata a miña cruz cumeira!. Pois ben, de anticuada e desfasada non teño máis ca aparencia, e vouvos poñer un exemplo: agora púxose de moda o dos “piercings” e rexurdiu a moda dos tatuaxes en calquera zona do corpo, pois..., niso xa vos fun unha pioneira..., veredes..., ó pouco de facerme pareceume “bonito” que me tatuaran algo orixinal, ¡era o menos que tiñan que facer!, xa que non me puxeron un nome.

E ocorrúeseme que na miña base maciza , no lateral que mira ó norte, cara Priorada e as Cazallas gravaran algo contundente, e o que me pareceu máis acaído é que puxeran: “SE HIZO PARA SIEMPRE”. E...Así vos foi. ¿A que “mola”? . Pois así de fachendosa co meu tatuaxe “guai”, e contundente, cheguei ata hoxe, e aínda vos penso botar moito máis tempo, ¡jou muchá!. A idea en realidade foi co gallo de, (e non “co gallo de” como vos din algún ou algunha, xa que ese galo so é “o das pitas”, ou tamén como lles din ós que viven do outro lado dos Pirineos), de...¡Ai si!, de dar mostra de inmortalidade e permanencia nun tempo infinito. Pero, e xa me amola, e consume bastante ir vendo como esa inscrición se vai facendo máis mala de ler, por causa do desgaste que lle ocasionan a auga e o vento bravo que ven dende o Bocelo. Así pois hoxe o único que se le ben é un “IEMPRE”, e por riba a algún “animaliño” se lle deu por colocar un cableado eléctrico que case impide que mo vexan, está claro que este país non ten remedio!. Eu non son moi “cultureta” e sabida, pero ata aí chego, que hai que ser máis mirados, sensibles e respetuosos coas pedras do pasado, xa que son os cimentos e piares da nosa cultura e identidade de país.



Inscripción no corpo inferior da torre. Foto extraída do libro "A vila de Melide" de Xosé Manuel Broz Rei.

Cambiando de novo de tema, ou non, xa que agora vos vou falar dos meus complementos, que me van a xogo, pois, teño case do todo: catro campás de fermosos sons, un reloxo novo electrónico (que lle deu descanso ó vello, e non entendo de todo o porqué, xa que sempre funcionaba, ou case) provisto de dúas esferas, unha cruz que me coroa e agranda aínda máis a miña figura, un pararraios, catro altofalantes, aínda que eu sempre lles chamei altavoces, e dende hai poucos anos uns focos que lle dan luz a todo o interior do corpo de campás.

Das campás, xa algo vos falei, facéndoos saber que foran feitas nun taller de mestres campaneiros de Castrovite, na parroquia de Orazo, na Estrada. Estas foron fundidas a pe da torre, baixo a supervisión dos Liste, os afamados fundidores desa aldea de Tabeirós. O conto é que estas campás foron fundidas na segunda metade do século XIX, cando xa non era unha torre dun convento, senón dunha igrexa parroquial, posto que dende o ano 1842 pasei a ser diocesana despois de décadas de exercicio regular mendicante.

Entón, ¿antes non tiveron campás?, eu acordo que si, pero non gardo na memoria o que pasou con elas. O director do Museo, que é o que máis me ten estudiado, e escrito sobre a miña vida, cavila ... "as campás datan de fins do XIX, posiblemente refundidas das vellas campás, se aínda quedaran e non foran espoliadas polos franceses". Pois eu non me acordo dos gabachos roubándome a facenda, ¡a bon sitio viñan!. Boa malleira recibiron coa resistencia da francesada, aínda se me ven á memoria a que lles deron os meus veciños nese 1809, e como corría tras deles Juana Vieitez y Neira, veciña da vila, que morreu na contenda e soterraron no meu conventiño. ¡Bueno!, de "conventiño" nada, xa que era o principal convento da Orde Terceira Regular Franciscana, en toda Galicia, ¡case nada!, ¡non si?.

Pois ben, as miñas campás están dedicadas a María (e a Santa María, ora pro nobis), a José, e a Jesús IHS (Iesus Hominum Salvator), ¿a que non sabedes porqué?, pois porque coa inscrición destas advocacións e plegarias axudábase á transmisión dos Sagrados Textos, por medio das ondas sonoras producidas polos badais batendo contra os sinos, e con eses sons potentes conséguese a santificación dos lugares da contorna.

Hai xa dúas décadas que o párroco Don Antonio G. Mourelle ique Dios o teña na gloria! chamou a uns carpinteiros da zona do Folicheiro, creo que se chamaban Rogelio e Tito, para cambiarme os xugos das campás, xa que os vellos estaban bastante apodrecidos. E, ¿sabedes como fixeron para mover as miñas campás, e poder baixalas ata o solado?, pois empregando uns gatos hidráulicos, asentados nunha estrutura sólida feita con tablóns, ben anclados. Tamén lles encomendou cambiar a vella varanda das escaleiras de subida ata aquí enriba, xa que a que había ¡daba medo ós cristianos!, posto que estaba feita cuns paus mal feitos e cun amarre que bailaba máis cos nosos maiores ¡que xa é dicir!, cando ven a amenizar as tardes dos domingos do vrao o sensacional Suso de Boente co seu teclado sintetizado, e coa súa voz tan característica.

Do “reló”... ¿que vos podo contar?, pois que ata os 90 había un vello reloxo “dos de torre”, con pezas de latón e engranaxes de movemento mecánico, unha verdadeira marabilla, ¡bonito verdá!. Estaba instalado nun caseto de madeira baixo a soleira do corpo de campás, e cada dous ou tres días tiña que subir o sancristán ata o caseto, para darlle corda, mediante un manubrio ou manivela e, ¡carallo!, ¡había que ter peito!, xa que tiraba dos braciños, e había que coller fol para darlle as voltas ó mecanismo de rebobinado das pesas de pedra, que cando ían baixando polo oco da escaleira ata chegar á base das escaleiras era necesario ir a darlle corda, porque senón o reloxo paraba. O “reló” normalmente ía ben, menos cando lle daba por atrasar, e accionar a campá maior a destempo, entón sempre había quen dicía: ¡xa anda con retraso o reló da torre!, ou ¡ten máis atraso co reló da torre!. En ocasións os fallos tiñan que ver con avarías mecánicas pero, por sorte, sempre houbo nesta vila uns reloxeiros moi arteiros e argallantes, capaces de facer funcionar calquera artiluxio, mesmo sacándolle as pezas que sobaban, ¡ó mellor aí estaba o problema!, je, je. Si é verdade, moitas veces o viñeron operar os doutores nesta arte cronométrica e precisa; ben me lembro de Carlitos Pereiro ou de Silvela fuchicando nos seus resortes e engranaxes e recuperando así o seu correcto funcionamento.

Pero tamén hai que recoñecer o fundamental traballo dos sancristáns que tiñan que subir ata o caseto, por unhas escaleira estreitas, cunha varanda de ¡valla por Dios!, na que conviña non arrimarse moito a ela, sendo preferible arrimarse ás paredes, non fora ser que o pasamáns cedese, e todo iso cunha luz miserable e cos chanzos cheos de dexeccións de pombas, con pombas criadoras nas esquinas deles, nos “recovecos” entre as tabicas e as paredes, e con tino de non pisar niños con ovos aínda sen abrir ou a pitos aínda sen criar. Moito se me ven á cabeza os traballos que pasaron os bos dos sancristáns, entre eles aínda me emociono lembrando a Ramón do Campo Grande, ou a Suso Lodeiro, que botou moito tempo comigo, ata que decidiu deixar o oficio de sancristán para traballar na súa forxa coma bo ferreiro que é.

Bueno !, ... Creo que xa se me está indo o santo ó Ceo. Dicíavos que foi nos anos 90 cando o párroco Don Antonio Mourelle, considerando que xa eran tempos de modernidade, e

certamente tamén algo farto polos problemas que o reloxo estaba a dar frecuentemente, decide que era mellor a instalación dun mecanismo electrónico de precisión, sendo sufragado, creo recordar, mediante unha xenerosa aportación dun particular. Pois así foi, baixouse o vello reloxo do caseto de madeira, que logo tamén suprimiron, instalaron dúas esferas nos exteriores da torre, nuns óculos circulares que xa estaban concibidos para iso e, aínda que conta con catro ocos para tal función, unicamente instalaron esferas nos laterais sur (cara a Praza do Convento), e outro cara o norte. Tamén mecanizaron os sistemas de percusión das campás, trocando os badais por un sistema de electromazos de activación a distancia, e tamén mandaron “para ó faiado” á vella e moi pesada marra ou martillón que batía contra a campá grande, “a das horas”, que ía accionada mediante un sistema de articulacións de ferro que movían os engranaxes e piñóns do vello reloxo.



Esfera de reloxo no lado norte da torre, e niño de cegoñas.

A esa novidade, que causou furor no pobo, e deu lugar a un sinfín de comentarios e faladurías, pero sobre todo unha grandísima expectación, e non pouca admiración (aínda que fora polo baixinho), propiciou un “quero y no puedo”, posto que cando chegou o Fin do Ano houbo veciños do Melide vello que quixeron deixar de lado ás badaladas da Porta do Sol ou as da Berenguela, que penso que xa daquela as retransmitía Gayoso pola “gallega”, e decidiron vir facer un brindis na Praza do Convento. Mais o conto é que case todo o mundo preferiu quedar na casaña “ó quente”, e non quedar atarecados de frío tendo que agardar ó raso na monumental

Praza. Así , finalmente, non chegaron a congregarse nin catro gatos, a pesar de que había quen dicía que ía estar a Praza chea. Desa maneira a velliña torre que vos fala volveu quedar, unha vez máis, como reza a canción da tuna cando lle canta ó tan loureado Colexio de Fonseca. E...Tanto me amolou, que aquel ano lles desexei a todos os meus veciños, case sen excepción, que para o final do ano entrante Fenosa e Pita lles cortaran o subministro eléctrico nas casas, e que se quedaran sen ver a Gayoso, ou a quen fora, ou a Joaquín Prat e a Martes e Trece “na Primeira” coas súas “Encarnas” e “empanadillas de noite”.

E xa vedes, meus amigos, moito vos teño que agradecer a “pacencia” que tedes con esta torriña que vos fala, pero xa poderedes comprobar que teño leria dabondo, e ¡non vexades canto me queda aínda por contarvos!. Xa vos dixen que cambiei de titularidade no ano 1842, pasando de vestir o hábito negro, con cingulo ou cordón na cintura, de cinco nós nos extremos, que vestían os frailes da Orde Terceira de San Francisco á sotana de crego diocesano, e tanto nun caso coma no outro sempre estiveren ben atendida, porque Melide sempre foi terra de moita devoción e dada ós exercicios de piedade. Tal é así que a mediados do século, a pouco menos de dúas décadas da miña edificación, rexistrábanse na vila un total de 64 familias, baixo a sombra e autoridade dun “patrucio”, e para atender as almas desa veciñanza había nada menos que *“un combento de Religiosos horden tercera de Nuestro Padre San Francisco en el que al presente ay treinta y tres Religiosos de misa, un novicio y tres legos”* e, a maiores un cura párroco, outro presbítero, un diácono, e dous subdiáconos, como ben quedou recollido no Catastro do Marqués de Ensenada. Pero..., con tanto oficial ¿quen lavaba a ferramenta?, estoume a referir quen era o encargado de manter as miñas necesidades, pois..., mentres vos fun convento eran os irmáns legos os que me “aseaban”, ocupábanse do meu mantemento, e dos asuntos das campás, reloxo e das postas das pombas. E cando me convertín en torre de igrexa da freguesía parroquial foron os sancristáns os que me coidaron e atenderon con mimo. Aquí como non había un campaneiro oficial eran eses sancristáns os que tiñan que coñecer os toques de campás adecuados os distintos tipos de liturxia: chamada á oración, oficios, tempos ordinarios e litúrxicos, e tamén ter bo oído para saber tocar a defunto a dúas campás, sabendo a cadencia e ritmos para diferenciar se o finado era un home ou unha muller. Aquí case sempre tiveron sancristáns de bo oído e mestría..., aínda que teño que dicir que vos houbo un pouco de todo. E como xa sabedes que coxeo un tanto de envexa, sempre se me ven ós miolos a imaxe do campaneiro Canzobre, da Igrexa de San Nicolás da Coruña, que era tan, pero que tan bo campaneiro, que aínda que lle faltaba un brazo, ¡a saber o porqué!, enganchara cos dentes a corda do badal da campá maior, e coa outra a corda dos outros dous sinos, ¡que vos manda moito truco!.

Si amigos, ata que instalaron o reloxo electrónico e ás catro campás lles puxeron uns electromazos percutores, as miñas campás contaban cuns badaxos, ós que se lles amarraban uns aramios moi longos, que polo oco das escaleiras chegaban ata a base da que parte o primeiro chanzo. Xa vos podeades imaxinar que nun oco non demasiado espacioso había unha tremenda maraña de cables, os catro que facían de cordas das campás, e os dous dos pesos do “reló”, que cando chegaban abaixo había que procurar que non se enguedellaran uns cos outros.

Canto me lembro cando aló polos anos 80 ía darlle corda ó reló o sancristán Suso Lodeiro, moi bo home e tamén “enorme” ferreiro. ¡Moita pacencia vos tiña!, e aínda a segue tendo, xa que non hai máis que ver canto bo apeiro de labranza, trebellos e filigranas de ferro fai na súa forxa, batendo no metal contra a zafra. Pois si, pacencia non lle faltaba... Non oh. Xa que tamén tiña que aturar a uns rillotes mocosos que facíanche de monaguillos de Don Antonio Mourelle, do cura da Casa de Elisa do Aceiteiro, do Cura de Visantoña, dos padres pasionistas Alejandro, Odilo, Rosendo ou Ladislao, ou de quen lle tocara botar misa. Algúns deses pillabáns, hoxe xa vos son cuarentóns ben completos, e aínda me acordo quenes eran, un érache Javier o fillo de Rañoa, outro Jesusito o de Puntero, outro Jorge o fillo do máis vello dos de Broz, e o último éravos o Juancito, o fillo de Marcial o do banco ¡que ben lía a Palabra do Señor!, e moito presumía Don Antonio de ter un monaguillo lectoral de tan exquisita dicción.

Si, moito levan subido aqueles nenos polas miñas escaleiras!, porque botaban tardes e tardes na reitoral e no salón parroquial xogando nas mesas de ping pong, enredando con Pepsi, o can de Mourelle, quen sempre se refería a el coma: “o meu can grande”, tamén lles gustaba moito acompañar a Suso nos seus cometidos de Sancristán. Si,... Non eran malos aqueles rapaces, non, non coma outros que de atorrantes tíñanvos abondo. Se cadra poderían algunha vez ser algo trastes, xa que aparte de gustarlles papar os recortes das obleas, das Formas ou Hostias, que na misa ían ser consagradas, tamén eran dados a ir á cercana Taberna de Pelos a buscar o viño de misa, un mistela (viño tostado), que amablemente despachaban a señora Jimena e o seu home José Noguero. Si, sempre estaban moi solícitos para facer ese recado, e xa polo camiño cara a Reitoral poder mollar un pouquiño a palleta co sabor dulzón, e tamén algo empalagoso, daquel viño tan apropiado para a Consagración.

Perdoade todo este paréntese lembrándome daqueles rapaces, pero o certo é que aínda me río, e non pouco, cando se me ven ós miolos un episodio que tivo lugar na segunda metade dos oitenta na sancristía. Pois..., ben..., xa vos comentei que a aqueles monaguillos “profesionais” lles gustaba a compañía do sancristán, xa que era, e segue sendo, un home ledo e moi, pero que moi ocorrente. Pois o conto é que entre as moitas afeccións e “enredos” do sancristán, tamén houbo unha tempada que se lle deu polo kárate. E tamén aproveitaba toda ocasión para amosarlles ós rapaces as súas chaves e técnicas, aprendidas no Kárate Club

Priorada. O conto é que alá polo mes de decembro estábanse a celebrar as misas da novena da Inmaculada Concepción, e a media hora de comezar a santa misa, ó Sancristán déuselle por amosarlles ós “pupilos” unha chave de salto con patada, no salón parroquial, querendo a mala fortuna que ó pousar o pé no chan se producise a fractura dun dos nocellos, e todo iso a piques de comezar cos preparativos da novena... Aínda me lembro do cabreo de Don Antonio, que non era nada partidario desa afección deportiva do sancristán. E, por sorte, a poucos minutos do desgraciado percance chega ata a sancristía o Padre Ladislao G. Platero, un fraile pasionista que ía axudar na misa e a facer a prédica do día. E, claro, algo había que facer, posto que a misa non se podía suspender, xa que a igrexa xa estaba ateigada de fieis. Entón entre o enfado do párroco, a dor do sancristán, por certo cada vez máis acrecentada, e a inoportunidade do suceso, era o intre de tomar algunha medida.

Dame algo de risa lembralo e ,ique Dios me perdoe por iso!, xa que non está nada ben, pero que nada ben facer risa da desgracia allea, pero...Teño que dicir que debeu tratarse dunha “xogada maestra”, xa que dun só tiro caeron catro paxaros, e o pobre de Don Antonio se quedou de golpe sen a asistencia do sancristán, dos dous acólitos que estaban dispostos a axudar á misa, que nesa ocasión eran o de Marcial maillo de Broz, e tamén do predicador e concelebrante.

O conto é que houbo que levar ó sancristán ó médico, saíndo pola porta traseira da sancristía, a que comunica co salón parroquial, e todo ilo con nocturnidade e case con aleivosía. ¿Imaxinádevos a cara que lle quedou ó médico cando lle aparecen pola porta un sancristán doente, cos brazos apoiados nos ombreiros do bo do frade, e dun dos dous rillotes que o acompañaban, mentres co outro íalle axudando a subir a perna cunha man, mentres ca outra lle levaba o zapato?. Para máis Inri o “padre” levaba posto o hábito de cor de loito da súa Congregación. ¿Imaxinádesvos o cadro?. E..., aínda boa vos foi, xa que o fraile, que fora misioneiro no Perú moitos anos, gurraba e gurraba en levar ó sancristán “ó carrello”, porque dicía que o fixera moitas veces na selva amazónica, trasladando a eivados. Pero ó dorido sancristán aínda tiña, con todo, máis reparo no pudor e recato, por non dicir na vergonza, de ir a cabalo do relixioso, que na propia dor, ¡que non debía ser pouca!. Tampouco vos podeades imaxinar a cara do doutor cando escoitou as explicacións sobre o desencadeante dos feitos, e das atropeladas explicacións do prexudicado, do misioneiro-sanitario, e dos dous túzaros camilleiros...¡lmos deixar quedar así o conto!.

Xa mudando outra vez de tema, quero falarvos un pouco das miñas inquilinas e veciñas, as pombas. Moita compañía me levan feito!. Si, sempre estiveron canda min, e pode non ser casualidade, xa que o convento estaba consagrado baixo a advocación do Espírito Santo, que como é ben sabido aparecéuselles á Virxe e ós Apóstolos, en forma de pomba e entre linguas de lume caídas do Ceo, na celebración do Pentecostés.

Si, aniñaban no meu interior en dúas zonas, nos recodos dos chanzos, fornelas e vans do corpo de escaleiras, pero fundamentalmente nunha cámara a modo de pombal existente no remate da miña figura, no espazo existente no intradorso da cúpula e do tambor. Para iso colocáronse sobre as pechinas unhas vigas e pontóns, para termar dun piso de táboas, e poder acubillar ás pombas, que entraban nese pombal a través dun amplo oco existente nunha das caras oitavadas do tambor, no extremo nordeste, e que se ve dende a Ronda da Coruña e dende o patio da reitoral, onde outrora estaba o meu fermoso claustro.



Zona onde se ubicaba o claustro do Convento, e vista do tellado da casa reitoral.



Oco de acceso ó pombal no intradorso do tambor da cúpula.

Xa vos falei que os chanzos de subida ata o corpo das campás non eran “anchismos” que digamos, e que o vello pasamáns ou varanda bailaba coma unha trécola, e que pobre de quen tivera vértigo, xa que ir subindo por eles e ir mirando polo oco da escaleira cara baixo, a verdade que daba certo respecto, e para colmo, ter que evitar pisar ovos, pitiños, ou toparse con rulas que saían ó voo asustadas, e todo baixo a iluminación dunha luz cativa e penumbrosa. O conto é que sempre gostei moitísimo da súa compañía, pero non opinaban igual os sancristáns que tiñan que abordar a hercúlea tarefa de ter que limpar a soleira do corpo de campás e todos e cada un dos meus 75 chanzos, das dexecións desas almiñas do señor. ¿Imaxinádevos a cantidade de esterco que saía?, e que levaban para aboar as hortas. O certo é que limpar as escaleiras non era unha obra menor, e aínda menos mal que a miña base é maciza ata a altura dun segundo piso, senón pobres dos legos franciscanos e despois dos sancristáns da parroquia, posto que terían que verse obrigados a ter que vasoirar e raspillar un bo feixe de peldaños máis, e tamén de verse incrementada moitísimo máis a sensación de vertixe.

Canto traballiños teñen pasado moitos deses heroicos sancristáns, e canto llelo teño que agradecer, tanto ós de vello coma os máis recentes: Ramón, Suso, Luisiño, Felisa ou Luís “o Pintor”. Falando de Luisiño, recordo que era moi, pero que moi devoto, e que nunha ocasión pola Semana Santa, nunha procesión matutina, fixo o ofrecemento de ir portando unha cruz, a modo de ofrenda persoal de fe ou por dar cumprimento a unha promesa. Recordo que esa devoción non pasou desapercibida ó párroco Don Antonio, quen categoricamente chegou a afirmar que: -“Poderán presumir moito en Andalucía da vistosidade da súa Semana Santa e..., en Castela da solemnidade das súas Procesións, pero que en ningún caso superan, nin de lonxe, a manifestación de recollemento e devoción traducida nese acto de fe e acción de gracias tan espiritual”.

Volvendo ás miñas conveciñas, teño que dicir que elas eran os inquilinos máis destacados do meu interior, aínda que tiveran que compartir algún espazo desta comunidade de veciños con gorrións, arañas, escolopendras, cochinillas, algún morcego, e algún rato perdido, que chegaba á base da torre a través do faiado da casa reitoral. Xa sei que me esquecín dicirvos que para acceder ás miñas entrañas pódese facer de dúas maneiras: por unha escaleira da reitoral que vai ó sobrado da casa, e tamén por unha porta existente na tribuna do coro da igrexa, xusto ó carón do órgano de tubos do século XVIII.

Pero..., aínda que vos falo de pombas, o certo é quen tiñan máis sona, na boca dos veciños, eran os pichóns, dicíanlles “o pichón da torre”, aínda que ó longo do tempo houbo, como pasou cos sancristáns, unha sucesión progresiva. A ese “pichón” sempre se lle conferiu un aquel de “Don Juan” ou de “Casanova”, dotado de grandes dotes de sedución, e que tiña a mala costume de ir incrementando o seu “harén”, indo de conquista polos xardíns e hortas dos

veciños, que tiñan por afección a cría de rulas. E, non é broma, pasoulle a moitos, como moitas veces teñen recordado os membros dunha familia residente na Avenida de América, ós que de súpeto se quedaron sen as pombas que criaban, nunha xornada de comezos dos 70.

E, ben, prezados amigos, as pombas sempre foron as “señoras da Torre”...Ata hoxe, porque non sei se é por causa do cambio climático, aínda que cavilo que debe ter que ver máis coa globalización, déuselles nestes limiares do 2020 por comezar a aniñar na miña primeira cornixa, no extremo noroeste, a unha parella de cegoñas e, o que máis me anoxa, é que se lles da por “peterrear” coas ruliñas, facéndolles a vida imposible. Xa se sabe como é iso das “especies invasoras”, que sempre parecen estar máis rufas e “atufadas” cas da casa. E..., a cousa parece que vai para lonxe, posto que eu aínda que non vos entendo moito de bioloxía ornitolóxica, dame moito que pensar ver con frecuencia unha da cabalo da outra. Dame que deben ter certo interese en incrementar a tribo, ou iso penso eu...Agora xa só me faltan curuxas e gaivotas; as primeiras creo recordar que xa me teñen visitado, pero sen saber porqué non lles debeu interesar moito aniñar e, ás segundas, ¡Dios me libre delas!.





Volvendo ás cegoñas, eu penso que ou ben deben ser xordas, ou que deben de ser “de segunda torre”, posto que non se inmutan co son das badaladas do reloxo, nin sequera agora, que por mor desta inoportuna e feroz pandemia do coronavirus, todas as mañás ás doce tocan as campás “a rebato” como tributo diario de chamada á oración comunitaria, e como pregaría ou canto á esperanza e ó consolo.

Pois, seguindo co meu monólogo, posto que non vos vexo nada animados a participar na conversa...Imaxino que xa vos ferve as vosas cacholas!. Vou a falarvos da “competencia”, para que vexades que tampouco vos son tan “piollosa”. O certo é que non tiveran moitas que me fixeran sombra na vila, debido á miña relevancia e porte e, no tocante ás campás..., tampouco. Ó longo dos tempos tocoume convivir cos sons das campás da espadana da desgraciadamente desaparecida Parroquial de San Pedro, ¡malpoucada a pobriña!, quen por causa de intereses

derivados da avaricia humana foi derrubada aló polo ano 1949, como tamén lle aconteceu á vella Capela de San Roque, que estaba onde o almacén de Pereira. Tamén levo tempo convivindo coas campás da Capela do Carme, coas da torriña da Capela do Santo Antonio da Obra Pía do bispo Segade Bugueiro, e coas dúas da nova Capela de San Roque que..., aínda que só se tocan para a misa das once da mañá dos domingos, e tamén cando a novena do santo, tíñanos unha función importante, xa que eran as que se tocaban “a rebato” cando se producía algún incendio na propia vila. Co efecto chamada desas campás “alporizadas” tiñan que persoarse todos os veciños para colaborar nos traballos de extinción, baixo o mando das autoridades municipais (alcalde, delegados e axentes da Garda Municipal).

E, dende acó enriba tamén vos escoito o son da campá de Santa María, da das Cazallas, das dúas de Furelos, e tamén da outra parella que vos hai na igrexa dos Ánxeles, que tanto neste último caso, coma na anterior, teñen os seus sinos a virtude e o poder de arredar as tronadas co seu son. E, aínda que xa non existe hoxe, tamén teño escoitado as badaladas da vella igrexa de San Xoán de San Cibrao, que se atopaba no lugar da Torre, e tamén a da capela de Santo Tomé de Castro, onde celebraban misa os frades deste convento.

Si, meus sufridos amiguiños, non vos tiveren moita competencia durante os séculos XVIII, cando fun feita, nin tampouco no XIX, pero..., o “lío” veu cando a comezos do século XX, concretamente no 1909 puxeron os seus ollos en Melide uns relixiosos da Congregación da Pasión, que tiñan a súa residencia no Convento dos Picos en Mondoñedo, quen ata a Desamortización de Mendizábal estaba rexentado por frades da Orde Terceira Regular de San Francisco, é dicir da mesma orde cós que residían neste mesmo convento.

Pois o conto é que, por empuxe do presbítero Don Ricardo Sánchez Varela , o da fábrica de curtidos de Furelos, déuselles por vir de prédica a Melide nese citado ano de 1909, coincidindo coa Semana Santa, ós frailes Clemente da Presentación, reitor do Retiro dos Picos, e Toribio de San José, sendo tan grande e entusiasta a acollida, que de aí xurdiu todo. Nese ano celebrouse a cerimonia de colocación da primeira pedra dun convento no lugar de Priorada, en terreos propiedade da familia Roca que os cede desinteresadamente. E tras tres anos de obra inaugúrase a igrexa, e retiro pasionista, un 19 de abril de 1912. A igrexa bendícese e conságrase, aínda non estando de todo rematada, pero xa no 1920 complétanse as obras e edifícase unha “fachendosa” espadana de estilo neogótico, decorada con pináculos picudos e con troneiras para dúas campás.

A partir de aí prodúcese unha forte rivalidade con esa “estirada”, que por estar nun centro de formación se gababa de culta e de saber moitas linguas entre elas o latín do Kyrie eleison e do Christe eleison, o francés de Sartre, o euskera aprendido no convento de deusto, o

italiano de Paolo della Croce, o fundador da Congregación, mais..., aínda que o galego algo o “chapurreaba” o certo é que se parecía máis ó castelán que á fala deste pobo, ¡miñañoia!

Pois ben, como eses frailes eran uns “fervellos” e bastante “armadanzas” tamén, non había cousa que non se lles ocorrera, e así entre funcións litúrxicas correntes, as festividades propias (Semana Santa, Paixón e Pascua, pola festividade de San Pablo de la Cruz, pola de Santa María de Goretti, pola Santa Cruz), polas Primeiras Comuñóns e demais celebracións, esas dúas campás non vos paraban de bourar, ¡non vos tiñan paraxe!. Así os irmáns da casa, ós que de xeito xeral se lles chamaba “legos”, ben foran “conversos” ou profesos sen votos solemnes, ou tamén ós profesos solemnes sen ordenación sacerdotal, eran os encomendados de tocar esas tintineantes campás. Aínda me lembro dalgún deles coma Manuel Vázquez Ferreiro, veciño de Furelos, que foi o que fixo a cruz da Capela da Santa Cruz de Furelos, a outro que lle chamaban o “Tabeira”, e tamén ó irmán Florentino Arana Idiazábal, un navarro que lle aprendeu a moitos internos do convento a xogar ó frontón, ¡que ben xogaba aquel home!. O conto é que ese fraile de pequena estatura, pero moi áxil, “arremangaba” as saias do hábito, prendéndoas no cinto de coiro negro que levan na cintura e así darlles a todos unha lección de toque coa pala e pelotas de caucho moi duro, que segundo ían quecendo maior velocidade pillaban.

Pois ben, despois de varias décadas de competencia con aquela espadana “alteira” e “espilida”, na que en máis dunha ocasión mirei “de reollo”, chegou un fatídico día, aló por un ano 1997, no que a uns políticos irresponsables e interesados se lles deu por botar abaixo o convento dos padres pasionistas, co pretexto de erguer unha residencia para a terceira idade. Eu lamento e condeno publicamente tamaña barbaridade, posto que aínda que comulgo coa idea de que resulta enormemente imprescindible contar cun centro asistencial e de residencia para os nosos maiores, estou totalmente segura de que tiñan que tela feita noutro lugar, sen ter que derramar un edificio tan singular. Xa vemos que a historia se repite, e que os homes non dan sacado proveito dos erros e malas decisións do pasado, xa que despois de moito laiarse coas desgrazas das vellas igrexas de San Pedro e de San Roque, vai e dalles por cometer un acto atroz semellante. ¡Que o noso Señor llo perdoe!.

E si, meus señores, dende aquelas non fixen máis que lamentar a perda dese convento e das súas “competitivas” campás, posto que a pesar da competencia, no fondo ben que nos queríamos e..., ¡canto vos levo chorado por elas!. Dende entón síntome cada vez máis soa e murcha.

Non vou continuar dándolle moitas máis voltas a tamaña ignominia, xa que de seguir vexo que me van flaquear as forzas, e faiarme os azos para seguir a contarvos outras cousas máis proveitosas e, por suposto, moito máis comprensibles. Cambiando unha vez máis de tema, nesta parola, xa vos falei en varias ocasións tanto da vella coma da nova capela edificada na

honra do santo romeiro Roque de Montpellier, santo do século XIV, que despois da súa peregrinaxe á Cidade Eterna e, despois de estar curando a leprosos por toda Italia, contrae el mesmo a enfermidade en Piacenza. Dende entón é considerado santo patrón dos apestados e avogoso para a erradicación de diversas pandemias, e por iso lle prego para que nos afaste deste coronavirus do demo. O certo é que dende a fundación da vella capela, edificada no Campo de San Roque, pola mesma zona onde en tempos medievais se localizaba a de San Sebastián, sempre se lle tivo moita devoción no pobo, case tanta coma á que se lle tivo dende o século XVIII á Virxe do Carme do alto do castelo, e moita máis da que se lle ten ó noso patrono o apóstolo San Pedro.

Pois ben, cando se lle rezaba con fervor a este santo, vestido de peregrino e acompañado por un can cun pan na boca e por un anxiño do Ceo, invocábase pola súa intercesión para librarse das pandemias e enfermidades, así se imploraba ó “sanroquiño” dicíndolle...“Roque santo peregrino...Líbranos de peste y males”. E xa sabedes como é iso das plegarias recitadas “de carrerilla”, nas que xa non se sabe cando empeza unha palabra e comeza a seguinte, e entre o marmullo intelixible das devotas e a cabeza chea de paxaros dos cativos, algúns ben rillotes ¡por certo! entendían estes “líbranos de pestimales”, e cavilaban para o seu maxín como carallo serían aqueles “pestimales do demo” para que foran equiparados coa peste. ¡Moito medo tiñan que dar!.

Pero agora coa perspectiva do paso dos anos, e volvendo mudar o asunto deste relatorio, teño que confesar que se tivera que apuntarme na Oficina de Emprego, como demandante dun traballo, a verdade non sei como podería resumirle ó administrativo de turno o meu currículo, xa que vos fixen de todo: fun e son campaneira, sempre vos dei as horas, fun e sonche berce de aves criadoras, agora mesmo tamén de cegoñas, fun vixía cando a francesada e nas guerras carlistas, sendo utilizada polas partidas. Son luz e facho da vila, tamén pararraios e estación topográfica, tamén un lugar imprescindible para contemplar toda a nosa ampla contorna, ou de noite para ver as Perseidas tan ben como dende o Careón ou dende o Couto do Pilar. Tamén vos fun “modelo profesional”, servindo de musa de retratistas, fotógrafos e artistas. E un milleiro de cousiñas máis, entre elas a de “augadora”.

Como pararraios sempre vos estou activa e vixilante, protexéndoos das tronadas, dos lóstregos, raios e centellas. Así sempre vos dei amparo, tendo que sufrir en propias carnes os embates atronadores dos raios, que eu atraio dende o extremo da miña cruz cumial e, a través dun cable exterior, levo ata a terra a descarga, nun pozo situado ó carón da capela do Carme e da Mercede da igrexa, edificada no século XX, onde outrora estaba o meu fermoso claustríño, columnado e ricamente historiado na iconografía dos seus capiteis.

Moito levan falado os veciños dalgún deses “zambombazos” producidos pola descarga, e que o meu veciño Enrique “da Sensa”, que o Señor o teña na Gloria, os comparaba como o tremendo ruído producido polo impacto da caída dunha das bolas de remate dun dos pináculos, que a xeito de copas, adornan a segunda cornixa voada, que serve de transición entre o corpo de campás e o tambor da bóveda. Vaia “blequinazo”, como din nun programa de humor “da Galega”, se debeu deixar sentir. Si, aínda me rio cando Enrique, coa súa sorna e ocorrencia habitual, dicía que non comprendía porque á rúa lle cambiaron o nome de Calvo Sotelo polo do bispo Segade Bugueiro, cando el consideraba que o único nome que en realidade lle acaía á rúa é rache “Calle del viento”, debido ás fortes correntes de aire desa rúa orientada ós aires fríos do norte e do Bocelo.

Entre outras ocupacións que tiven xa vos adiantei que exercín de augadora, posto que cando nos anos 60 chegou a traída de auga corrente para as casas foi moita a actividade que se fixo de adaptación a esa novidade, ¡por fin nos chegou a modernidade á vila!. Acabáronse as longas ringleiras e os tempos de espera nas fontes públicas, na do Convento, na do Pilón ou dos Catro Canos e tamén nas máis recentes, na do Cruceiro e na da Praza das Coles.

Foi toda unha revolución, a verdade é que si!. E como o Concello se encargou de ir metendo as tuberías de ferro fundido ó longo das principais rúas, traballo moi pesado por certo posto que os tubos éranvos moi pesados e había que ilos enroscando con pesadas chaves de cadea, agora eran os particulares os que tiñan que engancharse ó subministro de auga corrente “á traída”. O que faltaba para facelo eran fontaneiros, que non había moitos por certo, por non dicir ningún, polo que foi ós latoeiros ós que lle tocou reinventarse e reciclarse, cousa que pouco lles costou, xa que eran uns auténticos argalleiros, ós que a soldadura en chumbo ou estano non tiña ningún segredo. ¡E ben que lles foi!, posto que moitiños cartiños fixeron. E, a dicir verdade, “veu Dios a velos”, xa que o negocio de latoeiros ía de capa caída, por un lado debido á chegada da luz eléctrica, que acabou coa necesidade de fabricar candís e farois. Polo outro pola aparición do plástico, que trae consigo o desprazamento de envases e recipientes feitos en folla de lata (tinas, baldes, barreñóns, cazos, cazolos...). E xa, para rematar, a chegada da traída é a puntilla definitiva ó oficio de latoeiro, que acaba coa necesidade da produción artesanal de sellas, que en Melide eran de metal e non de láminas de madeira ensambladas e cinguidas por aneis metálicos, coma noutras zonas do país. Si meus amigos, aínda me lembro como os latoeiros tan mañosos desta vila se adaptaron ás mil maravillas á nova comenencia. Os da familia González, Luís Mejuto co seu fillo, tamén Luís, botando man doutros parentes que lles tiñan que axudar, xa que non daban feito. Tamén me lembro doutros bos fontaneiros que comezaron algo máis tarde, coma o “Renso” de Priorada, que tamén tiña un negocio de taberna e estanco, na recta

das Cazallas, ou a Suso Vilariño, dos “Richinol”, fillo e irmán de bos barbeiros. ¡Canto lles debe o progreso de Melide a todos eles!

Pero o conto é que debido ó exceso da demanda, e tamén a que o subministro ás veces ou era escaso, ou fallaba con certa frecuencia, polo que moita xente instalaba depósitos de auga “de uralita” nos faiados dos seus fogares, para non ter que quedarse de golpe sen auga, debido ós cada vez máis frecuentes cortes.

E, nese caso, a casa reitoral, que estaba acaroadada a min tamén se viu na necesidade de contar cun depósito de apoio. ¿E que fixo o cura?, pois instalar un depósito de moita capacidade, pero non no faiado, non, ¡que va!, senón nunha fornela ou cámara existente no meu oco interior, entre as escaleiras e a parede, asentado nuns “tercios” de madeira grandes que case vos eran vigas. E así a presión éache ben potente debido á altura, ¡madia leva!

Recordo que a traída veu cando estaba de párroco Don Antonio Ponte, ¡que culto vos era!, pero foi en tempos de Mourelle cando se instalou o depósito de uralita dentro de min. Xa vedes, compañeiros, pouco a pouco fun tendo luz, aínda que bastante pobre a dicir verdade, auga corrente, música cando me instalaron os “altavoces”, reloxo xa dende vello, pararraios ¡tempo ha!, ...Sempre vos fun moi moderna e dada a ir á moda.

E como bos dixen tamén fun estación topográfica, nada máis e nada menos, e aí vos queda iso!, posto que tiven o enorme privilexio de botarlle unha man ó prestixioso xeógrafo e matemático Domingo Fontán, para poder realizar observacións, cálculos e medicións para elaborar a “Carta geométrica de Galicia”, popularmente coñecida coma o “Mapa de Fontán”, e que aínda que puido chegar a rematalo no ano 1834, non é ata o ano 1845 cando consegue a súa impresión e difusión.

A tan célebre topógrafo debíalle gustar “andar polos poleiros”, xa que se subía a canta torre había para poder facer as súas triangulacións precisas, posto que establece o punto cero co que comezar a triangulación na torre da Berenguela, á que se subía con moita frecuencia, feito habitual posto que tiña a súa casa na cercana Rúa do Vilar compostelá. Sei que tamén andivo subido a unha das dúas presumidas e ostentosas torres do mosteiro de Sobrado, realizadas polo arquitecto Pedro Monteagudo. Seica tivo que botar man da da esquerda, a do pararraios, xa que por ironías do destino a da dereita fora moi danada, e destruída na súa parte superior, por causa dun raio.



Vista das torres de Sobrado dos Monxes antes da restauración dos anos 60 do século XX.

Vedes que ese xenio da matemática gustaba gabear por torres de “pedigree” realizadas por importantes arquitectos do barroco galego, Domingo de Andrade, Pedro Monteagudo, ou Simón Rodríguez, como pode ser no meu caso. Pero a verdade é que a Fontán algo lle debín de gustar, posto que no seu Mapa chega a reproducir a planta da miña cúpula como símbolo convencional, posto ó lado do topónimo “MELLID”, que tantísimo me incomoda porque non é máis cunha tradución vulgar e mal intencionada dun nome tan doce e melindroso coma o que realmente é: MELIDE, con maiúsculos!.

Si é certo, tamén vos fixen de modelo retratos dun milleiro de artistas, fotógrafos, ilustradores, visitantes e peregrinos. Xa me resulta imposible lembrarme de todos os que me teñen utilizado como musa das súas artes e talentos. Si, foron moitísimos os que levan plasmado nos seus cadernos, láminas, lenzos, e negativos a miña esbelta e elegante figura. Foron moitos, si, a dicir verdade moitísimos: Broz foi o que máis me leva debuxado e pintado, pero tamén os irmáns Antonio e Herminio Aguiar, Federico Aguiar, creo recordar tamén que me pintaron Antonio de Castro e Nicolás Rosado, a reputada soprano e pintora Mari Pau Illana, Xesús Iglesias o fillo de “Doña Inés”, Quiñoi, Pedro Panduriño,... Tamén moitos artistas do estranxeiro, coma

o ilustrador xaponés Munehiro Ikeda, ou o francés Chistian Gardillou. Tamén me usaron como modelo para un conto dos Bolechas. De fotos, xa nin vos podo contar, xa que todos os fotógrafos profesionais que houbo sempre nesta vila me teñen captado no seu obxectivo, e tamén os afeccionados. outros coma o reputado Xurxo Lobato tamén me teñen reproducido coas súas cámaras, ás que nada bo se lles escapa. E, non sei agora se a Brétema, unha artista melidá que abriu fai poucos anos unha tenda de tatuaxes lle teñen encargado algún motivo que me incorpore, o certo é que non o sei.



Torre de Melide. Óleo de Xosé Manuel Broz



Cadro de Antonio Aguiar representando ó Convento sobresaíndo por riba dos tellados de Melide.

Creo recordar, mais non vos estou de todo certa, que algo vos dixen que son estatal ou facho desta antiga e nobre vila... Se non o dixen recórdovolo agora, a sabendas que ides desculpar a miña desmemoria... Pois, si ¡éche verdá!. Sempre fixen de candeas e luceiro deste noso Melide, e aínda máis dende fai uns pouquiños anos cando a uns veciños nosos, en calidade de ofrenda e acción de grazas se lles acordou instalar uns focos de iluminación interiores, para destacar o corpo de campás para servir de faro e guía do pobo coa chegada do solpor. Desafortunadamente sempre gustei moito dela posto que, e sen ánimo de ofender á nosa Señora do Carme, quen “dende o alto do Castelo cubre a Melide de noite debaixo do seu mantelo”, eu sempre preferín a luminosidade e o brillo, que tinguen a paisaxe de cores mais, sen terlle medo á noite, cabilo nas doutas verbas do poeta de Celanova e tamén vos digo que “non me importa, agardarei polo albor dun novo día”. Si, meus amigos, eu sempre celebrei con fervor a chegada do abrente e da luz, e como vos di o refrán: ¡pola Candeloria pon a pita, a vella e a nova!



Pois xa como remate, quero manifestarvos o meu recoñecemento pola “pacencia” de ter aturado semellante despropósito de “palique” e desvarío, e quero espresarvos que a pesar dos meus defectos mundanos, propios de calquera sociedade, o certo é que é moito o que vos

debo, posto que sodes todos vos os que me mantedes viva e xustificades a miña razón de ser. Por iso todo o meu recoñecemento, ó tempo que vos prego que sigades a mirar de e por min, para que siga a alumar a vila de Melide, e agarimar a todos coa sonoridade das miñas campás. De todos depende que se materialice a lenda que na miña base gravaron, a de “SE HIZO PARA SIEMPRE”, e poida seguir aquí “per sécula seculorum” mirando por todos vos, a pesar do meu sino de estar sempre soa, sempre lanzal, sempre digna, sempre amable, e por riba de todo sempre alma melidá. Para os crentes pídolles un Noso Pai e un Ave María, ou unha pregaría ó santo de Asís, ou ó Espírito Santo, ou a San Pedro, para que xeracións vindeiras segan a custodiar a miña memoria. E ós non crentes pídolles case o mesmo: que contribúan a manter viva esa memoria miña, que non é outra cousa que o reflexo da nosa memoria colectiva, que nos determina como pobo vivo, culto e comprometido.

Xa vos expresei que nunca vos fun moi dada e basculada ós entresixos da política, pero sempre fun extremadamente comprometida co meu país, coa súa fala e coa súa xente. Por iso dentro desa expresión de galeguismo integrador, no que non caben odios, xenreiras nin toda sorte de hostilidade remato parafraseando as verbas da maior heroína da escrita que deu este farturento país. “Cando de lonxe vos oio, penso que por min chamades...e das entrañas me doio.”

Sempre vosa...A Torre do Convento. Ó voso dispor.

Nota do autor:

Este relato creado no confinamento provocado pola pandemia do coronavirus, que nos deixou a tod@s no desalento, pretende facer xustiza a unha torre tan senlleira, que ó calado sempre vos estivo aí e que de tanta historia vos foi testemuña, mesmo agora desta inesperada epidemia que veu coincidindo, case dun xeito simbólico, coa chegada dunha parella de cegoñas que nela se puxeron a aniñar, para poder criar á súa descendencia.

Eu, téñovos que recoñecer que sempre me sentín cautivado pola maxestuosidade desta nosa torre, dende aquela tarde dos anos 80, cando por primeira vez subín ata o corpo das campás. ¡Canto me asombrou toda aquela sucesión de escaleiras estreitas!, para as que ir subindo era preferible irse apoiando nas paredes que nesa varanda tan pouco fiable. Chamoume a atención o peto xordo e continuo da maquinaria do reloxo e o atronador son da campá maior dando as horas. Naquela “aventura” acompañei ó meu pai e a Xosé Ignacio Parrado, e aínda recordo o forte vento que facía aló arriba, agrandado pola corrente e aire nun espazo aberto e sen resguardo algún. Había que ver como o arreciante vento do nordés traducía a longa barba de Parrado nunha especie de vela ó vento, que facía que se lle puxera de bufanda.

Quero dedicarlle este pequeno relato á memoria dos meus avós maternos Lola e o Rubio, que moi devotos eran dese convento noso, e que moitas veliñas teñen acendido nos lampadarios da igrexa, pedindo pola intercesión dos santos do Ceo, para solucionar problemas e ampararnos a todos das calamidades, e tamén como xeito agradecido polos favores recibidos.

Especialmente me quero lembrar, dende o máis fondo do meu agradecemento, de Don Antonio Mourelle, un párroco que sempre me amosou a súa estima, e a quen tanto lle debo, porque entre outras moitas cousas, fixo que tanto a miña xeración, as que me precederon e as que viñeron despois da nosa, atoparan na Reitoral un lugar de acollida, aprendizaxe, moita diversión e “frescura”, grazas a unha forma moderna e “transgresora” de transmitir o Evanxeo e as pautas de convivencia e respecto cara ós máis. ¿Quen non acorda os “guateques” e os “magostos” que acompañaban ás charlas para a Confirmación?.

Si, é certo, as xeracións de melid@s das décadas dos 60, 70, 80, 90 e os albores do século XXI, é moito o que Mourelle nos ten aportado, sendo moi común falar del en conversas “de mesa” e “de barra”, na que calquera dos interlocutores ha aportar algunha das interminables anécdotas “da parroquial” que teñen a Don Antonio Mourelle como protagonista principal, ou que pivotan en torno a tan entrañable figura...Hoxe os restos de Don Antonio descansan no camposanto da súa parroquia natal de Bidouredo (Monterroso), pero a súa alma segue viva na nosa memoria e nas nosas retinas.

Pido á Providencia, pero realmente máis a Ciencia, que atope un remedio pronto e eficaz para combater esta pandemia, e unha vez superada a normalidade, facer entre todos o esforzo de evitar a perda da memoria histórica colectiva, a apostar por unha dignificación e recuperación do patrimonio cultural colectivo, e a pelexar por conseguir unha pronta posta en valor do noso Cruceiro, adoptando medidas de salvagarda, para non ter que lamentar e chorar.

A nivel persoal agardo que despois deste, necesario, encerro poida volver canto antes, e sempre na compañía de Cris, a continuar remexendo na procura de datos que esclarezan a opacidade dos tempos pretéritos. Para Cris vai a miña gratitude, admiración e todo o meu corazón.

¡Graciñas! E desculpas de corazón se a alguén puiden ofender.

BIBLIOGRAFÍA:

- Ares Rúa, Miguel. "A Batalla de Melide. Aspectos sociais e militares da francesada na bisbarra melidense". Publicado no Boletín nº 30 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2017
- Broz Rei, Xosé Manuel. "O Mosteiro de Sancti Spiritus de Melide: 3 etapas de construción". Publicado no Boletín nº6 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 1991.
- Broz Rei, Xosé Manuel. "As igrexas de Melide". Publicado no Boletín nº 8 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 1993
- Broz Rei, Xosé Manuel. "Fotos de Melide (1904-1996)". Publicado no Boletín nº10 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide". 1997.
- Broz Rei, Xosé Manuel. " O claustro do Convento de Santi Spiritus de Melide". Publicado no Boletín nº 13 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2000
- Broz Rei, Xosé Manuel. "A Terra de Melide Xosé Manuel Broz Rei". 2001.
- Broz Rei, Xosé Manuel. "Latoeiros e artesáns de Melide". Publicado no Boletín nº 17 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2004.
- Broz Rei, Xosé Manuel. "Santispíritus de Melide". 2004.
- Broz Rei, Xosé Manuel. "Un letreiro na Torre parroquial". Publicado no Boletín nº 20 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2007
- Broz Rei, Xosé Manuel. "A bóveda do Convento de Santispíritus". Publicado no Boletín nº 21 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2008
- Broz Rei, Xosé Manuel. "A fachada da casa rectoral". Publicado no Boletín nº 26 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2013.
- Broz Rei, Xosé Manuel. "As campás da torre de Melide". Publicado no Boletín nº 27 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2014.
- Broz Rei, Xosé Manuel. "Frai Alonso de Melide, fundador do Convento e Hospital de Sancti Spiritus de Melide". Publicado no Boletín nº 28 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2015
- Broz Rei, Xosé Manuel. "A vila de Melide". 2016.
- Carro, Xesús; Camps, Emilio; Fernández Oxea, Xosé Ramón. "Arqueoloxía relixiosa de Melide". En "Terra de Melide". Seminario de Estudios Galegos. 1933.
- Felpeto García, Antonio. "Los Conventos Franciscanos de la tercera orden de Melide y Montefaro en las guerras carlistas". Publicado no Boletín nº 7 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 1992
- Felpeto García, Antonio. "Los hospitales de los terceros franciscanos en el Camino de Santiago de la Provincia de León". Publicado no Boletín nº 8 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 1993
- Felpeto García, Antonio. "Os terceiros regulares de San Francisco. Un capítulo conflictivo en Melide". Publicado no Boletín nº 11 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 1998
- Fuciños Gómez, Xosé Domingos. "O Convento dos Padres Pasionistas de Melide. Reseña histórica". Publicado no Boletín nº 10 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 1997
- García Oro, José. "Los primitivos freires de la Tercera Orden Regular en Galicia. Fray Alonso de Mellid. Franciscán do Convento de Sancti Spíritus". Publicado no Boletín nº 6 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 1991
- Gómez Buxán, Cesar. "Debuxo do Melide de hai tres séculos. Descripción e notas heráldicas". Publicado no Boletín nº 19 do Centro de Estudios Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2006

- Mejuto Sesto, Manuel. "Mil anos de pertencencia a unha igrexa". Publicado no Boletín nº 19 do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2006
- Mejuto Sesto, Manuel. "Mil años de pertenencia a una iglesia. Las relaciones de Melide con la iglesia mindoniense (primera parte)". Publicado no Boletín nº 20 do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2007
- Padre Atanasio López. O.F.M. "Excursión a la villa de Mellid". Publicado no Eco Franciscano, 1917 e republicado no Boletín nº 17 do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2004
- Taboada Roca, Antonio. "Notas Históricas". Capítulo III do "Terra de Melide". Seminario de Estudos Galegos. 1933
- Vázquez Neira, Cristina e Broz Rodríguez, Xurxo. "A mámoa do Losoiro no Mapa de Fontán". Publicado no Boletín nº 28 do Centro de Estudos Melidenses-Museo da Terra de Melide. 2015
- Vázquez Neira, Cristina e Broz Rodríguez, Xurxo. "Memoria do patrimonio desaparecido da Terra de Melide - primeira parte: O Patrimonio relixioso". Publicado no blog: museomelideblogspot.com. 2016.
- Vázquez Neira, Cristina e Broz Rodríguez, Xurxo. "Memoria do patrimonio desaparecido da Terra de Melide - segunda parte: O Patrimonio arquitectónico". Publicado no blog: museomelideblogspot.com. 2016.
- Vázquez Neira, Cristina e Broz Rodríguez, Xurxo. "A Torre do Convento. De símbolo de poder franciscano a fito referencial da vila de Melide". Publicado no blog: museomelideblogspot.com. 2017.